

DEPARTAMENTO DE IDIOMAS

O Departamento de Idiomas do CIFP Manuel Antonio está composto de seis membros: tres profesores de francés y tres de inglés. Aparte da educación reglada, o noso centro conta con unha sección bilingüe de inglés, un programa PLURI FP de Patronaxe e Moda, e unha auxiliar de conversa.

Sección bilingüe : Neste centro organizáronse a impartición de materias non lingüísticas de módulos de formación profesional específica no departamento de Turismo, cursado por grupos de alumnos e alumnas dunha maneira bilingüe, e impartidos por profesorado que posúe un nivel de B2 en lingua inglesa, dentro do enfoque AICLE/CLIL (aprendizaxe integrado de contidos e linguas): na lingua cooficial e na lingua estranxeira falada na Unión Europea como é o inglés. Este grupo están coordinados por un profesor de inglés do Departamento de Idiomas.

Programa PLURI FP: Un compañeiro de Têxtil imparte o currículo de Moda e Tendencias, do 1 CS Patronaxe e Moda en inglés o 100%. Coordinao unha profesora de inglés.

Contamos este ano con **auxiliar de conversa en lingua inglesa**, o que significa unha enorme axuda no campo da competencia lingüística e cultural así coma a motivación e o interese do alumnado pola lingua e a cultura do país de orixe. O seu horario consta de 12 horas a repartir entre a sección bilingüe, o programa FP PLURI e os resto de módulos de inglés respectivamente. A súa coordinadora e unha profesora de inglés.

Asímesmo realizamos as probas ao alumnado seleccionado para os **PROGRAMAS EUROPEOS**. Hai dúas profesoras (francés, inglés) que colaboran coa responsable de Programas Europeos ás que se lles asignaron algunhas horas á semana para as probas lingüísticas do alumnado que faga as prácticas no estranxeiro.

O profesorado do departamento é moi activo e regularmente participa en actividades de Formación do Profesorado, tanto en cursos internos propios das nosas materias ou transversais, como de novas tecnoloxías. Assemade particípase en cursos de metodoloxía da lingua, intercambios de profesorado, estadias do profesorado en países como Canadá, Grecia, Eslovenia, Gran Bretaña ou Irlanda, referentes os programas PIALE e ERASMUS +. O noso centro acolle, por outra banda, a profesorado estranxeiro que está interesado en observar cómo se traballa no noso centro e en empresas de interese.

No curso 2017-2018 alumnado e profesorado do Departamento de Têxtil fixo un intercambio co Lycée Ramiro Arrúe de Saint Jean de Luz (Francia), experiencia que resultou enormemente enriquecedora e que vai ter continuidade en vindeiros cursos escolares.